

## NOTA DE PRENSA



### O Partido Popular de Caldas de Reis critica a renuncia unilateral o GES por parte do goberno municipal do PSOE

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Caldas lamentamos a decisión da renuncia ao GES (Grupo de emerxencia supramunicipal) por parte do equipo de goberno, un cambio de opinión ineplorable e unilateral nun Concello no que non existe maioría absoluta e sobre un asunto de vital importancia.

Non entendemos o cambio de postura do alcalde xa que anteriormente sumouse a iniciativa deste grupo municipal, a decisión foi tomada por unanimidade na Comisión de Seguimento onde esta Xunta de Galicia, Fegamp e Deputación de Pontevedra, e incluso chegou a dicir que xa tiña parcelas preparadas para acoller o servizo.

O Grupo de emerxencias supramunicipal é un servizo que casi e financiado na súa totalidade pola Xunta de Galicia e a Deputación, o Concello so tería que aportar 21.000,00 euros dun total de máis de 270.000,00 €, e cambio disfrutaríamos dun servizo de emerxencias de 24 horas.

O mais grave desta situación e que o alcalde de Caldas de Reis está a poñer en risco a seguridade de todos os veciños e veciñas de Caldas xa que levamos dous meses sen servizos e esperando a que o puxera en marcha, algo o que se tiña comprometido e aceptado, e agora di que non, esto no é o comportamento esperado dunha administración responsable.

Unha vez máis o Partido Socialista de Caldas de Reis antepón os seus intereses partidistas aos intereses de todos os veciños e veciñas do noso Concello, e agora trata de xustificarse alegando que debería ser asumido por unha mancomunidade de concellos, algo que non ocorre en ningún GES de Galicia, e ademais a única mancomunidade da que Caldas formaba parte foi recentemente disolta. A proba de que é unha disculpa de mal pagador e que o CIM (Centro de Información a Muller) foi asumido por Caldas no seu día, sendo comarcal, sen importalle os argumentos que agora utiliza, asumindo o 100% dos custes, e tengo que cumprir Caldas de Reis todas as resolucións xudicias das lexitimas reclamacións das traballadoras deste servizo.

En Caldas de Reis a 19 de febreiro de 2020

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620